


plataforma de
organizaci3ns
de **infancia**
galicia



CONVENCI3N SOBRE OS DEREITOS DO NENO



Tratado internacional para a defensa da infancia adoptado
polas Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989

Edición:

plataforma de
organizaci3ns
de **infancia**
galicia



Coordinaci3n: In3s Salteiro Leis e Isabel Garc3a V3zquez

Revisi3n da traducci3n: Real Academia Galega

Deseo e Maquetaci3n: Simoneta

Data edici3n: Outubro 2019

Dep3sito legal: C 2144-2019

Plataforma de Organizaci3ns de Infancia de Galicia:




Belv3s 2

15703 Santiago de Compostela

Tel. 981582243

E-mail: poig@infanciagalicia.org

www.infanciagalicia.org

   #infanciaGalicia

INTRODUCCIÓN

A **Convención sobre os Dereitos do Neno** é o tratado internacional, adoptado pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, que recoñece a todas as persoas menores de 18 anos como suxeitos de pleno dereito e que define os dereitos humanos básicos dos que gozan os nenos e as nenas de todo o mundo.

Os catro principios fundamentais da Convención son: a non discriminación; o interese superior dos nenos e das nenas; o dereito á vida, á supervivencia e ao desenvolvemento; e á promoción da participación infantil.

É o tratado internacional máis amplamente ratificado polos países do mundo e todos os Estados Parte están obrigados a respectalo e facelo cumprir sen distinción de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinións, orixes, posición económica ou calquera outra condición dos nenos e nenas ou dos seus representantes.

No 30 aniversario da Convención, co apoio da Xunta de Galicia, a Plataforma de Organizacións de Infancia, que ten como misión principal a protección e promoción dos dereitos dos nenos e das nenas na comunidade autónoma galega, quere conmemorar o gran paso adiante que supuxo a aprobación deste tratado.

Esta publicación actualiza o texto oficial dos dereitos nos seus 54 artigos, incorporando os tres protocolos facultativos asinados con posterioridade pola Asemblea Xeral da ONU: **Protocolo facultativo relativo á participación de nenos nos conflitos armados**, e o **Protocolo facultativo relativo á venda de nenos, á prostitución infantil e á utilización de nenos na pornografía**, adoptados ambos o 25 de maio de 2000; e o **Protocolo facultativo sobre un procedemento de comunicacións**, adoptado o 19 de decembro de 2011.

30 ANOS DA CONVENCIÓN

A protección dos máis pequenos e o respecto polos seus dereitos debe ser algo intrínseco a calquera sociedade. Por desgraza, isto non sempre é así e por iso naceu hai 30 anos a Convención sobre os Dereitos do Neno, un tratado que salvagarda o noso ben máis prezado.

O Goberno galego é consciente de que as nenas e os nenos son a clave do futuro e iso convérteos no maior activo do noso país. O máis valioso, pero tamén o máis vulnerable e por iso é responsabilidade de todas e todos protexelos e garantir que poidan medrar nun entorno favorable para eles.

No agarimo co que os coidemos, nos valores de respecto e tolerancia que lles inculquemos, sostéranse as bases da sociedade das próximas décadas.

Como Administración pública, a Xunta está comprometida co benestar dos máis pequenos e por iso agradece o labor que neste eido realizan entidades sociais como as que integra a Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia. Son unha peza fundamental na defensa dos dereitos das nenas e nenos e, nese obxectivo, atoparán sempre o apoio sen fisuras deste Goberno autonómico.

Fabiola García

Conselleira de Política Social

CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DO NENO

PREÁMBULO

Os Estados Partes na presente Convención,

Considerando que, en conformidade cos principios proclamados na Carta das Nacións Unidas, a liberdade, a xustiza e a paz no mundo se basean no recoñecemento da dignidade intrínseca dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana,

Tendo presente que os pobos das Nacións Unidas reafirmaron na Carta a súa fe nos dereitos fundamentais e na dignidade e o valor do ser humano, e que decidiron promover o progreso social e elevar o nivel de vida dentro dun concepto máis amplo da liberdade,

Recoñecendo que as Nacións Unidas proclamaron e acordaron na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e nos Pactos Internacionais de dereitos humanos que toda persoa ten todos os dereitos e liberdades enunciados neles, sen distinción ningunha por motivo de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou doutra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición,

Recordando que na Declaración Universal de Dereitos Humanos as Nacións Unidas proclamaron que a infancia ten dereito a coidados e asistencia especiais,

Convencidos de que a familia, como grupo fundamental da sociedade e medio natural para o crecemento e o benestar de todos os seus membros, e en particular dos nenos, debe recibir a protección e asistencia necesarias para poder asumir plenamente as súas responsabilidades dentro da comunidade,

Recoñecendo que o neno, para o pleno e harmonioso desenvolvemento da súa personalidade, debe medrar no seo da familia, nun ambiente de felicidade, amor e comprensión,

Considerando que o neno debe estar plenamente preparado para unha vida independente na sociedade e ser educado co espírito dos ideais proclamados na Carta das Nacións Unidas e, en particular, no espírito de paz, dignidade, tolerancia, liberdade, igualdade e solidariedade,

Tendo presente que a necesidade de proporcionar ao neno unha protección especial foi enunciada na declaración de Xenebra de 1924 sobre os Dereitos do Neno e na Declaración dos Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea Xeral o 20 de novembro de 1959, e recoñecida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, e no Pacto Internacional de Dereitos Cívicos e Políticos (en particular, nos artigos 23 e 24),

no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (en particular, no artigo 10) e nos estatutos e instrumentos pertinentes dos organismos especializados e das organizacións internacionais que se interesan no benestar do neno,

Tendo presente que, como se indica na Declaración de Dereitos do Neno, “o neno pola súa falta de madurez física e mental necesita protección e coidados especiais, mesmo a debida protección legal, tanto antes como despois do seo nacemento”,

Lembrando o disposto na Declaración sobre os principios sociais e xurídicos relativos á protección e ao benestar dos nenos, con particular referencia á adopción e á colocación nos fogares de garda, nos planos nacional e internacional; as Regras mínimas das Nacións Unidas para a administración da xustiza de menores (Regras de Beijing); e a declaración sobre a protección da muller e o neno nos estados de emerxencia ou de conflito armado,

Recoñecendo que en todos os países do mundo hai nenos que viven en condicións excepcionalmente difíciles e que eses nenos necesitan especial consideración,

Tendo debidamente en conta a importancia das tradicións e os valores culturais de cada pobo para a protección e desenvolvemento harmonioso do neno,

Recoñecendo a importancia da cooperación internacional para a mellora das condicións de vida dos nenos en todos os países, en particular naqueles países en fase de desenvolvemento,

Conviñeron no seguinte:

PARTE 1

Artigo 1

Para os efectos da presente convención, enténdese por neno todo ser humano menor de dezoito anos de idade, agás que, ao abeiro da lei que lle sexa aplicable, teña acadado con anterioridade a maioría de idade.

Artigo 2

1. Os Estados Partes respectarán os dereitos enunciados na presente Convención e garantirán a súa aplicación a cada neno suxeito á súa xurisdición, sen distinción ningunha, independentemente da raza, a cor, o sexo, o idioma, a relixión, a opinión política ou doutra índole, a orixe nacional, étnica ou social, a posición económica, os

impedimentos físicos, o nacemento ou calquera outra condición do neno, dos seus pais ou dos seus representantes legais.

2. Os Estados Partes tomarán todas as medidas axeitadas para garantir que o neno se vexa protexido contra toda forma de discriminación ou castigo por mor da condición, as actividades, as opinións expresadas ou as crenzas dos seus pais, titores ou dos seus familiares.

Artigo 3

1. En todas as medidas concernentes aos nenos que tomen as institucións públicas ou privadas de benestar social, os tribunais, as autoridades administrativas ou os órganos legislativos, unha consideración primordial á que se atenderá será o interese superior do neno.

2. Os Estados Partes comprométense a asegurar ao neno a protección e o coidado que sexan necesarios para o seu benestar, tendo en conta os dereitos e deberes dos pais, titores e outras persoas responsables del ante a lei e, con ese fin, tomarán todas as medidas legislativas e administrativas axeitadas.

3. Os Estados Partes aseguraranse de que as institucións, servizos e establecementos encargados do coidado ou a protección dos nenos cumpran as normas establecidas polas autoridades competentes, especialmente en materia de seguridade, sanidade, número e competencia do seu persoal, así como na relación coa existencia dunha supervisión axeitada.

Artigo 4

Os Estados Partes adoptarán todas as medidas administrativas, legislativas e doutra índole para dar efectividade aos dereitos recoñecidos na presente Convención.

Polo que respecta aos dereitos económicos, sociais e culturais, os Estados Partes adoptarán esas medidas ata o máximo de recursos de que dispoñan e, cando sexa necesario, dentro do marco da cooperación internacional.

Artigo 5

Os Estados Partes respectaran as posibilidades, os dereitos e deberes dos pais ou, no seu caso, dos membros da familia ampliada ou da comunidade, segundo estableza o costume local, dos titores ou doutras persoas encargadas legalmente do neno de proporcionarlle, en consonancia coa evolución das súas facultades, a dirección e orientación apropiadas para que o neno exerza os dereitos recoñecidos na presente Convención.

Artigo 6

1. Os Estados Partes recoñecen que todo neno ten o dereito intrínseco á vida.
2. Os Estados Partes garantirán na máxima medida posible a supervivencia e o desenvolvemento do neno.

Artigo 7

1. O neno será inscrito inmediatamente despois do seu nacemento e terá dereito dende que naza a un nome, a adquirir unha nacionalidade e, na medida do posible, a coñecer os seus pais e a ser coidado por eles.
2. Os Estados Partes velarán pola aplicación destes dereitos en conformidade coa súa lexislación nacional e as obrigas que contraesen en virtude dos instrumentos internacionais pertinentes neste ámbito, sobre todo cando o neno resultase, doutro modo, apátrida.

Artigo 8

1. Os Estados Partes comprométense a respectar o dereito do neno a preservar a súa identidade, incluídos a nacionalidade, o nome e as relacións familiares ao abeiro da lei sen inxerencias ilícitas.
2. Cando o neno sexa privado ilegalmente dalgún dos elementos da súa identidade ou de todos eles, os Estados Partes deberán prestar a asistencia e protección axeitadas con miras a restablecer rapidamente a súa identidade.

Artigo 9

1. Os Estados Partes velarán por que o neno non sexa separado dos seus pais contra a vontade destes, excepto cando, a reserva de revisión xudicial, as autoridades competentes determinen, ao abeiro da lei e os procedementos aplicables, que tal separación cómpre no interese superior do neno. Tal determinación pode ser necesaria en casos particulares, por exemplo nos casos en que o neno sexa obxecto de maltrato ou descoido por parte dos pais ou cando estes viven separados e debe adoptarse unha decisión con respecto ao lugar de residencia do neno.
2. En calquera procedemento establecido ao abeiro do parágrafo I do presente artigo, ofrecerase a todas as partes interesadas a oportunidade de participar nel e de dar a coñecer as súas opinións.

3. Os Estados Partes respectarán o dereito do neno que estea separado dun ou de ambos os dous pais a manter relacións persoais e contacto directo con ambos os pais a miúdo, agás se iso é contrario ao interese superior do neno.

4. Cando esa separación sexa resultado dunha medida adoptada por un Estado Parte, como a detención, a cadea, o exilio, a deportación ou a morte dun dos pais do neno, o Estado Parte proporcionará, cando se lle pida, aos pais, ao neno ou, se procede, a outro familiar, información básica acerca do paradiro do familiar ou familiares ausentes, a non ser que iso resultase prexudicial para o benestar do neno. Os Estados Partes aseguraranse, ademais, de que a presentación de tal petición non comporte consecuencias desfavorables para a persoa ou persoas interesadas.

Artigo 10

1. De acordo coa obriga que atinxe aos Estados Partes ao abeiro do disposto no parágrafo 1 do artigo 9, toda solicitude feita por un neno ou polos seus pais para entrar nun Estado Parte ou para saír del para os efectos da reunión da familia será atendida polos Estados Partes de maneira positiva, humanitaria e expeditiva. Os Estados Partes garantirán, ademais, que a presentación de tal petición non traerá consecuencias desfavorables para os peticionarios nin para os seus familiares.

2. O neno que teña os pais residindo en Estados diferentes terá dereito a manter periodicamente, agás en circunstancias excepcionais, relacións persoais e contactos directos con ambos os dous pais. Por este motivo, e en conformidade coa obriga asumida polos Estados Partes ao abeiro do parágrafo 1 do artigo 9, os Estados Partes respectarán o dereito do neno e dos seus pais a saír de calquera país incluído o propio, e de entrar no seu propio país. O dereito de saír de calquera país estará suxeito soamente ás restricións estipuladas pola lei e que sexan necesarias para protexer a seguridade nacional, a orde pública, a saúde ou a moral públicas ou os dereitos e liberdades doutras persoas e que estean en consonancia cos demais dereitos recoñecidos pola presente convención.

Artigo 11

1. Os Estados Partes adoptarán medidas para loitar contra os traslados ilícitos de nenos ao estranxeiro e a súa retención no estranxeiro.

2. Para este fin, os Estados Partes promoverán a concertación de acordos bilaterais ou multilaterais ou a adhesión a acordos existentes.

Artigo 12

1. Os Estados Partes garantirán ao neno que estea en condicións de formar un xuízo propio o dereito de expresar a súa opinión libremente en todos os asuntos que afectan ao neno, e terán en conta as opinións do neno en función da súa idade e madurez.
2. Con este fin, daráselle en particular ao neno a oportunidade de ser escoitado en todo o procedemento xudicial ou administrativo que lle afecte, xa sexa directamente ou ben por medio dun representante ou do órgano axeitado, de acordo coas normas do procedemento da lei nacional.

Artigo 13

1. O neno terá dereito á liberdade de expresión, dereito que incluírá a liberdade de buscar, recibir e difundir informacións e ideas de todo tipo, sen consideración de fronteiras, xa sexa oralmente, por escrito ou impresas, na forma artística ou por calquera outro medio elixido polo neno.
2. O exercicio de tal dereito poderá estar suxeito a certas restricións, que serán unicamente as que a lei prevexa e sexan necesarias:
 - a) Para o respecto dos dereitos ou a reputación dos demais; ou
 - b) Para a protección da seguridade nacional na orde pública ou para protexer a saúde ou a moral públicas.

Artigo 14

1. Os Estados Partes respectarán o dereito do neno á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.
2. Os Estados Partes respectarán os dereitos e deberes dos pais e, no seu caso, dos representantes legais, de guiar o neno no exercicio do seu dereito de modo conforme á evolución das súas facultades.
3. A liberdade de profesar a propia relixión ou as propias crenzas estará suxeita unicamente ás limitacións prescritas pola lei que sexa necesaria para protexer a seguridade, a orde, a moral ou a saúde públicas ou os dereitos e liberdades fundamentais dos demais.

Artigo 15

1. Os Estados Partes recoñecen os dereitos do neno á liberdade de asociación e á liberdade de celebrar reunións pacíficas.

2. Non se imporán restricións ao exercicio destes dereitos distintas das establecidas ao abeiro da lei e que sexan necesarias na sociedade democrática, no interese da seguridade nacional ou pública, a orde pública, a protección da saúde ou a moral públicas ou a protección dos dereitos e liberdades dos demais.

Artigo 16

1. Ningún neno será obxecto de inxerencias arbitrarias ou ilegais na súa vida privada, a súa familia, o seu domicilio, ou a súa correspondencia, nin de ataques ilegais á súa honra e á súa reputación.

2. O neno ten dereito á protección da lei contra esas inxerencias ou ataques.

Artigo 17

Os Estados Partes recoñecen a importante función que desempeñan os medios de comunicación e velarán por que o neno teña acceso a información e material procedentes de diversas fontes nacionais e internacionais, en especial a información e o material que teñan por finalidade promover o seu benestar social, espiritual e moral e a súa saúde física e mental.

Con tal obxecto, os Estados Partes:

- a) Alentarán os medios de comunicación para difundir información e material de interese social e cultural para o neno, ao abeiro do espírito do artigo 29;
- b) Promoverán a cooperación internacional na produción, o intercambio e a difusión desa información e eses materiais procedentes de diversas fontes culturais, nacionais e internacionais;
- c) Alentarán a produción e difusión de libros para nenos;
- d) Alentarán os medios de comunicación para que teñan particularmente en conta as necesidades lingüísticas do neno pertencente a un grupo minoritario ou que sexa indíxena;
- e) Promoverán a elaboración de directrices apropiadas para protexer o neno contra toda información e material prexudicial para o seu benestar, tendo en conta as disposicións dos artigos 13 e 18.

Artigo 18

1. Os Estados Partes poñerán o máximo empeño en garantir o recoñecemento do principio de que ambos os pais teñen obrigas comúns no que respecta á crianza e ó desenvolvemento do neno. Atinxirá aos pais ou, no seu caso, aos representantes legais a responsabilidade primordial da crianza e o desenvolvemento do neno. A súa preocupación fundamental será o interese superior do neno.

2. Para os efectos de garantir e promover os dereitos enunciados na presente Convención, os Estados Partes prestarán a asistencia apropiada aos pais e aos representantes legais para o desempeño das súas funcións no que respecta á crianza do neno e velarán pola creación de institucións, instalacións e servizos para o coidado dos nenos.

3. Os Estados Partes adoptarán todas as medidas apropiadas para que os nenos cuxos pais traballan teñan dereito a beneficiarse dos servizos e instalacións de garda dos nenos para os que reúnan as condicións requiridas.

Artigo 19

1. Os Estados Partes adoptarán todas as medias legislativas, administrativas, sociais e educativas apropiadas para protexer o neno contra toda forma de dano ou abuso físico ou mental, descoido ou trato negligente, maltratos ou explotación, incluído o abuso sexual, mentres o neno se atope baixo a custodia dos pais, dun representante legal ou de calquera outra persoa que o teña ao seu cargo.

2. Esas medidas de protección deberían comprender, segundo corresponda, procedementos eficaces para o establecemento de programas sociais co obxecto de proporcionar asistencia necesaria ao neno e a quen coida del, así como para outras normas de prevención e para a identificación, notificación, remisión a unha institución, investigación, tratamento e observación ulterior dos casos antes descritos de maltratos ao neno, e, segundo corresponda, a intervención xudicial.

Artigo 20

1. Os nenos temporalmente ou permanentemente privados do seu medio familiar, ou que teñan como superior interese esixir que non permanezan no seu medio, terán dereito á protección e á asistencia especiais do Estado.

2. Os Estados Partes garantirán, en conformidade coas súas leis nacionais, outros tipos de coidados para eses nenos.

3. Entre eses coidados figurarán, entre outras cousas, a colocación en fogares de garda, a kafala do dereito islámico, a adopción ou, de ser necesario, a colocación en institucións adecuadas de protección de menores. Ao considerar as solucións prestarase particular atención á conveniencia de que haxa continuidade na educación do neno e na súa orixe étnica, relixiosa, cultural e lingüística.

Artigo 21

Os Estados que recoñecen ou permiten o sistema de adopción coidarán de que o interese superior do neno sexa a consideración primordial e:

- a) Velarán por que a adopción do neno só sexa autorizada polas autoridades competentes, as cales determinarán, de acordo coas leis e cos procedementos aplicables e sobre a base de toda a información pertinente e fidedigna, que a adopción é admisible en vista da situación xurídica do neno en relación cos seus pais, parentes e representantes legais e que, cando así se requira, as persoas interesadas teñan dado con coñecemento de causa o seu consentimento á adopción sobre a base do asesoramento que poida ser necesario;
- b) Recoñecerán que a adopción noutro país pode ser considerada como outro medio de coidar do neno, no caso de que este non poida ser colocado nun fogar de garda ou entregado a unha familia adoptiva ou non poida ser atendido dunha maneira adecuada no país de orixe;
- c) Velarán por que o neno que teña que ser adoptado noutro país goce de salvagardas e normas equivalentes ás existentes respecto da adopción no país de orixe.
- d) Adoptarán todas as medidas apropiadas para garantir que no caso de adopción noutro país, a colocación non produza beneficios financeiros indebidos para quen participa nela;
- e) Promoverán, cando corresponda, os obxectivos do presente artigo mediante a concertación de arranxos ou de acordos bilaterais ou multilaterais, e esforzaranse, dentro deste marco, por garantir que a colocación do neno noutro país se realice por medio das autoridades e organismos competentes.

Artigo 22

1. Os Estados Partes adoptarán medidas adecuadas para lograr que o neno que trate de obter o estatuto de refuxiado ou que sexa considerado refuxiado en conformidade co dereito e os procedementos internacionais ou internos aplicables reciba, tanto se está só como se está acompañado dos seus pais ou de calquera outra persoa, a protección e a asistencia humanitaria adecuadas para gozar dos dereitos pertinentes enunciados na presente Convención e noutros instrumentos internacionais de dereitos humanos ou de carácter humanitario en que os ditos Estados sexan partes.

2. Para tal efecto, os Estados Partes cooperarán, na forma que estimen apropiada, en todos os esforzos das Nacións Unidas e as demais organizacións intergubernamentais que cooperen coas Nacións Unidas por protexer e axudar a todo neno refuxiado e localizar os seus pais ou outros membros da súa familia, co fin de obter a información necesaria para que se reúna coa súa familia.

Nos casos en que non se poida localizar ningún dos pais ou membros da familia, concederáselle ao neno a mesma protección que a calquera outro neno privado permanente ou temporalmente do seu medio familiar, por calquera motivo, como se dispón na presente Convención.

Artigo 23

1. Os Estados Partes recoñecen que o neno mental ou fisicamente impedido deberá gozar dunha vida plena e decente en condicións que aseguren a súa dignidade, que lle permitan chegar a valerse por si mesmo e lle faciliten a participación activa na comunidade.

2. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno impedido a recibir coidados especiais, e alentarán e asegurarán, conforme os recursos dispoñibles, a prestación ao neno que reúna as condicións requiridas e aos responsables do seu coidado a asistencia que se solicite e que sexa axeitada ao estado do neno e ás circunstancias dos seus pais e doutras persoas que coiden del.

3. En atención ás necesidades especiais do neno impedido, a asistencia que se preste ao abeiro do parágrafo 2 do presente artigo será gratuita sempre que sexa posible, tendo en conta a situación económica dos pais ou doutras persoas que coiden do neno, e estará destinada a asegurar que o neno impedido teña un acceso efectivo á educación, á capacitación, aos servizos sanitarios, aos servizos de rehabilitación, á preparación para o emprego e ás oportunidades de entretemento, e reciba tales servizos co obxecto de que o neno acade a integración social e o desenvolvemento individual, incluído o seu desenvolvemento cultural e espiritual, na máxima medida posible.

4. Os Estados Partes promoverán, con espírito de cooperación internacional, o intercambio de información axeitada na esfera da atención sanitaria preventiva e do tratamento médico, psicolóxico e funcional dos nenos impedidos, incluída a difusión de información sobre os métodos de rehabilitación e os servizos de ensino e formación profesional, así como o acceso a esa información co fin de que os Estados Partes poidan mellorar a súa capacidade e coñecementos e ampliar a súa experiencia nestas esferas. A este respecto, teranse especialmente en conta as necesidades dos países en vías de desenvolvemento.

Artigo 24

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno a gozar do máis alto nivel posible de saúde e a servizos para o tratamento das enfermidades e a rehabilitación da saúde. Os Estados Partes esforzaranse por asegurar que ningún neno sexa privado do seu dereito a gozar deses servizos sanitarios.

2. Os Estados Partes asegurarán a plena aplicación deste dereito e, en particular, adoptarán as medidas apropiadas para:

- a) Reducir a mortalidade infantil e na nenez;
- b) Asegurar a prestación da asistencia médica e a atención sanitaria que sexan necesarias a todos os nenos, facendo fincapé no desenvolvemento da atención primaria da saúde;
- c) Combater as enfermidades e a mala nutrición no marco da atención primaria da saúde mediante, entre outras cousas, a aplicación da tecnoloxía dispoñible e a subministración de alimentos nutritivos adecuados e auga potable salubre, tendo en conta os perigos e riscos de contaminación do medio ambiente;
- d) Asegurar atención sanitaria prenatal e posnatal apropiada ás nais;
- e) Asegurar que todos os sectores da sociedade, e en particular os pais e os nenos, coñezan os principios básicos da saúde e a nutrición dos nenos, as vantaxes da lactación materna, a hixiene e o saneamento ambiental e as medidas de prevención de accidentes; e teñan acceso á educación pertinente e reciban apoio na aplicación deses coñecementos;
- f) Desenvolver a atención sanitaria preventiva, a orientación aos pais e a educación e servizos en materia de planificación da familia.

3. Os Estados Partes adoptarán todas as medidas eficaces e apropiadas posibles para abolir as prácticas tradicionais que sexan prexudiciais para a saúde dos nenos.

4. Os Estados Partes comprométese a promover e alentar a cooperación internacional coa finalidade de lograr progresivamente a plena realización do dereito recoñecido no presente artigo. A este respecto, teranse plenamente en conta as necesidades dos países en vías de desenvolvemento.

Artigo 25

Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno que foi internado nun establecemento polas autoridades competentes para os fins de atención, protección ou tratamento da saúde física ou mental a un exame periódico do tratamento ao que estea sometido e de todas as demais circunstancias propias do seu internamento.

Artigo 26

1. Os Estados Partes recoñecerán a todos os nenos o dereito a se beneficiaren da Seguridade Social, incluso do seguro social, e adoptarán as medidas necesarias para lograr a plena realización deste dereito en conformidade coa súa lexislación nacional.

2. As prestacións deberán concederse, cando corresponda, tendo en conta os recursos e a situación do neno e das persoas que sexan responsables do seu mantemento, así como calquera outra consideración pertinente a unha solicitude de prestacións feita polo neno ou no seu nome.

Artigo 27

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito de todo neno a un nivel de vida axeitado para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral e social.

2. Aos pais ou a outras persoas encargadas do neno incúmbelles a responsabilidade primordial de proporcionarlle, dentro das súas posibilidades e medios económicos, as condicións de vida que sexan necesarias para o desenvolvemento do neno.

3. Os Estados Partes, de acordo coas condicións nacionais e cos seus medios, adoptarán as medidas apropiadas para axudar aos pais e a outras persoas responsables do neno a dar efectividade a este dereito e, en caso necesario, proporcionarán asistencia material e programas de apoio, particularmente con respecto á nutrición, o vestiario e a vivenda.

4. Os Estados Partes tomarán todas as medidas apropiadas para asegurar o pagamento da pensión alimenticia por parte dos pais ou outras persoas que teñan a responsabilidade financeira polo neno, tanto se viven no Estado Parte como se viven no estranxeiro. En particular, cando a persoa que teña a responsabilidade financeira polo neno resida nun Estado diferente daquel en que resida o neno, os Estados Partes promoverán a adhesión aos convenios internacionais ou a concertación dos ditos convenios, así como a concertación de calquera outro acordo apropiado.

Artigo 28

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno á educación e, co fin de que se poida exercer progresivamente e en condicións de igualdade de oportunidades ese dereito, deberán en particular:

a) Implantar a ensinanza primaria obrigatoria e gratuíta para todos;

b) Fomentar o desenvolvemento, nas súas distintas formas, da ensinanza secundaria, incluída a ensinanza xeral e profesional; facer que todos os nenos dispoñan dela e teñan acceso a ela, e adoptar as medidas apropiadas tales como a implantación da ensinanza gratuíta e a concesión de asistencia financeira en caso de necesidade;

c) Facer a ensinanza superior accesible a todos, sobre a base da capacidade, por cantos medios sexan apropiados;

- d) Facer que todos os nenos dispoñan de información e orientación en cuestións educacionais e profesionais e teñan acceso a elas;
- e) Adoptar medidas para fomentar a asistencia regular ás escolas e reducir as taxas de deserción escolar;

2. Os Estados Partes adoptarán cantas medidas sexan adecuadas para velar por que a disciplina escolar se administre de modo compatible coa dignidade humana do neno e en conformidade coa presente Convención.

3. Os Estados Partes fomentarán e alentarán a cooperación internacional en cuestións de educación, en particular co fin de contribuír a eliminar a ignorancia e o analfabetismo en todo o mundo e de facilitar o acceso aos coñecementos técnicos e aos métodos modernos de ensino. A este respecto, teranse especialmente en conta as necesidades dos países en desenvolvemento.

Artigo 29

1. Os Estados Partes conveñen en que a educación do neno deberá estar encamiñada a:

- a) Desenvolver a personalidade, as aptitudes e a capacidade mental e física do neno ata o máximo das súas posibilidades;
- b) Inculcar ao neno o respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais e dos principios consagrados na Carta das Nacións Unidas;
- c) Inculcar ao neno o respecto aos seus pais, á súa propia identidade cultural, ao seu idioma e aos seus valores, aos valores nacionais do país en que vive, do país do que sexa orixinario e das civilizacións distintas da súa;
- d) Preparar o neno para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre, con espírito de comprensión, paz, tolerancia, igualdade dos sexos e amizade entre todos os pobos, grupos étnicos, nacionais e relixiosos e persoas de orixe indíxena;
- e) Inculcar ao neno o respecto do medio ambiente natural.

2. Nada do disposto no presente artigo ou no artigo 28 se interpretará como unha restrición da liberdade dos particulares e das entidades para establecer e dirixir institucións de ensino, coa condición de que se respecten os principios enunciados no parágrafo 1 do presente artigo e de que a educación impartida en tales institucións se axuste ás normas mínimas que dispoña o Estado.

Artigo 30

Nos Estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas ou persoas de orixe indíxena, non se negará a ningún neno que pertenza a tales minorías ou que sexa indíxena o dereito que lle corresponde, en común cos demais membros do seu

grupo, a ter a súa propia vida cultural, a profesar e practicar a súa propia relixión, ou a empregar o seu propio idioma.

Artigo 31

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno ao descanso e o divertimento, ao xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade e a participar libremente na vida cultural e nas artes.

2. Os Estados Partes respectarán e promoverán o dereito do neno a participar plenamente na vida cultural e artística, e propiciarán oportunidades apropiadas, en condicións de igualdade, de participar na vida cultural, artística, recreativa e de lecer.

Artigo 32

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno a estar protexido contra a explotación económica e contra o desempeño de calquera traballo que poida ser perigoso ou entorpecer a súa educación, ou que sexa nocivo para a súa saúde ou para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral ou social.

2. Os Estados Partes adoptarán medidas lexislativas, administrativas, sociais e educativas para garantir a aplicación do presente artigo. Con ese propósito e tendo en conta as disposicións pertinentes doutros instrumentos internacionais, os Estados Partes, en particular:

- a) Fixarán unha idade ou idades mínimas para traballar;
- b) Disporán a regulamentación apropiada dos horarios e condicións de traballo; Estipularán as penalidades ou outras sancións apropiadas para asegurar a aplicación efectiva do presente artigo.

Artigo 33

Os Estados Partes adoptarán todas as medidas apropiadas, incluídas medidas lexislativas, administrativas, sociais e educativas, para protexer os nenos contra o uso ilícito dos estupefacientes e substancias psicótropas enumeradas nos tratados internacionais pertinentes, e para impedir que se utilicen nenos na produción e o tráfico ilícitos desas substancias.

Artigo 34

Os Estados Partes comprométense a protexer o neno contra todas as formas de explotación e abuso sexuais.

Con este fin, os Estados partes tomarán, en particular, todas as medidas de carácter nacional, bilateral e multilateral que sexan necesarias para impedir:

- a) A incitación ou a coacción para que un neno se dedique a calquera actividade sexual ilegal;
- b) A explotación do neno na prostitución ou outras prácticas sexuais ilegais;
- c) A explotación do neno en espectáculos ou materiais pornográficos.

Artigo 35

Os Estados Partes tomarán todas as medias de carácter nacional, bilateral e multilateral que sexan necesarias para impedir o secuestro, a venda ou o comercio de nenos para calquera fin ou en calquera forma.

Artigo 36

Os Estados partes protexerán o neno contra todas as demais formas de explotación que sexan prexudiciais para calquera aspecto do seu benestar.

Artigo 37

Os Estados Partes velarán por que:

- a) Ningún neno sexa sometido a torturas nin a outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes. Non se imporá a pena capital nin a de prisión perpetua sen posibilidade de excarceración por delitos cometidos por menores de dezoito anos de idade;
- b) Ningún neno sexa privado da súa liberdade ilegal ou arbitrariamente. A detención, o encarceramento ou a prisión dun neno levarase a cabo en conformidade coa lei e utilizarase tan só como medida de último recurso e durante o período máis breve que proceda;
- c) Todo neno privado de liberdade sexa tratado coa humanidade e o respecto que merece a dignidade inherente á persoa humana, e de maneira que se teñan en conta as necesidades das persoas da súa idade. En particular, todo neno privado de liberdade estará separado dos adultos, agás que iso se considere contrario ao interese superior do neno, e terá dereito a manter contacto coa súa familia por medio de correspondencia e de visitas, salvo en circunstancias excepcionais.
- d) Todo neno privado da súa liberdade teña dereito a un pronto acceso á asistencia xurídica e outra asistencia adecuada, así como dereito a impugnar a legalidade da privación da súa liberdade ante un tribunal ou outra autoridade competente, independente e imparcial, e a unha pronta decisión sobre a dita acción.

Artigo 38

1. Os Estados Partes comprométense a respectar e velar por que se respecten as normas do Dereito Internacional Humanitario que lles sexan aplicables nos conflitos armados e que sexan pertinentes para o neno.
2. Os Estados Partes adoptarán todas as medidas posibles para asegurar que as persoas que aínda non cumprisen os quince anos de idade non participen directamente nas hostilidades.
3. Os Estados Partes absteranse de recrutar nas forzas armadas as persoas que non teñan cumpridos os quince anos de idade. Se recrutan persoas que cumpriron quince anos, pero que son menores de dezaoto, os Estados Partes procurarán dar prioridade aos de máis idade.
4. En conformidade coas obrigas dimanadas do Dereito Internacional Humanitario de protexer a poboación civil durante os conflitos armados, os Estados Partes adoptarán todas as medidas posibles para asegurar a protección e o coidado dos nenos afectados por un conflito armado.

Artigo 39

Os Estados Partes adoptarán todas as medidas apropiadas para promover a recuperación física e psicolóxica e a reintegración social de todo neno ou nena vítima de calquera forma de abandono, explotación ou abuso, tortura ou outra forma de tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes, ou conflitos armados. Esa recuperación e reintegración levarase a cabo nun ambiente que fomente a saúde, o respecto de si mesmo e a dignidade do neno.

Artigo 40

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito de todo neno de quen se alegue que infrinxiu as leis penais ou a quen se acuse ou declare culpable de ter infrinxido esas leis a ser tratado de maneira acorde co fomento do seu sentido da dignidade e o valor, que fortaleza o respecto do neno polos dereitos humanos e as liberdades fundamentais de terceiros e na que se teñan en conta a idade do neno e a importancia de promover a reintegración do neno e de que este asuma unha función construtiva na sociedade.
2. Con ese fin, e tendo en conta as disposicións pertinentes dos instrumentos internacionais, os Estados Partes garantirán, en particular:
 - a) Que non se alegue que ningún neno infrinxiu as leis penais, nin se acuse ou declare culpable a ningún neno de ter infrinxido esas leis, por actos ou omisións

que non estaban prohibidos polas leis nacionais ou internacionais no momento en que se cometeron.

b) Que a todo neno do que se alegue que infrinxiu as leis penais ou a quen se acuse de ter infrinxido esas leis, se lle garanta, polo menos, o seguinte:

c) Que se presumirá que é inocente mentres non se probe a súa culpabilidade conforme a lei;

d) Que será informado sen demora e directamente ou, cando sexa procedente, por intermedio dos seus pais ou os seus representantes legais, dos cargos que pesan contra el, e que disporá de asistencia xurídica ou doutra asistencia apropiada na preparación e presentación da súa defensa;

e) Que a causa será dirimida sen demora por unha autoridade ou órgano xudicial competente, independente e imparcial nunha audiencia equitativa conforme a lei, en presenza dun asesor xurídico ou outro tipo de asesor adecuado e, agás que se considerase que iso fose contrario ao interese superior do neno, tendo en conta, en particular, a súa idade ou situación e aos seus pais ou representantes legais;

f) Que non será obrigado a prestar testemuño ou a declararse culpable, que poderá interrogar ou facer que se interroguen testemuñas de cargo e obter a participación e o interrogatorio de testemuñas de descargo en condicións de igualdade;

g) Se se considerase que infrinxiu, en efecto, as leis penais, que esta decisión e toda medida imposta como consecuencia desta, serán sometidas a unha autoridade ou órgano xudicial superior competente, independente e imparcial, conforme a lei;

h) Que o neno contará coa asistencia gratuíta dun intérprete se non comprende ou non fala o idioma utilizado;

i) Que se respectará plenamente a súa vida privada en todas as fases do procedemento.

3. Os Estados Partes tomarán todas as medidas apropiadas para promover o establecemento de leis, procedementos, autoridades e institucións específicas para os nenos dos que se alegue que infrinxiron as leis penais ou os que sexan acusados ou declarados culpables de infrinxir esas leis, e en particular:

a) O establecemento dunha idade mínima antes da cal se presumirá que os nenos non teñen capacidade para infrinxir as leis penais;

b) Sempre que sexa apropiado e desexable, a adopción de medidas para tratar eses nenos sen recorrer a procedementos xudiciais, no entendemento de que se respectarán plenamente os dereitos humanos e as garantías legais.

4. Disporase de diversas medidas, tales como o coidado, as ordes de orientación e supervisión, o asesoramento, a liberdade vixiada, a colocación en fogares de garda, os programas de ensino e formación profesional, así como outras posibilidades

alternativas ou internamento en institucións, para asegurar que os nenos sexan tratados de maneira apropiada para o seu benestar e que garde proporción tanto coas súas circunstancias como coa infracción.

Artigo 41

Nada do disposto na presente Convención afectará ás disposicións que sexan máis conducentes á realización dos dereitos do neno e que poidan estar recollidas en:

- a) O dereito dun Estado Parte; ou
- b) O dereito internacional vixente con respecto ao dito Estado.

PARTE 2

Artigo 42

Os Estados Partes comprométese a dar a coñecer amplamente os principios e disposicións da Convención por medios eficaces e apropiados, tanto aos adultos coma aos nenos.

Artigo 43

1. Coa finalidade de examinar os progresos realizados no cumprimento das obrigas contraídas polos Estados Partes na presente Convención, establecerase un Comité dos Dereitos do Neno que desempeñará as funcións que a continuación se estipulan.

2. O Comité estará integrado por dez expertos de grande integridade moral e recoñecida competencia nas esferas reguladas pola presente Convención. Os membros do Comité serán elixidos polos Estados Partes entre os seus nacionais e exercerán as súas funcións a título persoal, téndose debidamente en conta a distribución xeográfica, así como os principais sistemas xurídicos.

3. Os membros do Comité serán elixidos, en votación secreta, dunha lista de persoas designadas polos Estados Partes. Cada Estado Parte poderá designar unha persoa escollida entre os seus propios nacionais.

4. A elección inicial celebrarase, a máis tardar, seis meses despois da entrada en vigor da presente Convención e logo cada dous anos. Con catro meses, como mínimo, de antelación respecto da data de cada elección, o Secretario Xeral das Nacións Unidas dirixirá unha carta aos Estados Partes invitándoos a que presenten as súas

candidaturas nun prazo de dous meses. O Secretario Xeral preparará despois unha lista na que figurarán por orde alfabética todos os candidatos propostos, con indicación dos Estados Partes que os designasen, e comunicarllela aos Estados Partes na presente Convención.

5. As eleccións celebraranse nunha reunión dos Estados Partes convocada polo Secretario Xeral na Sede das Nacións Unidas. Nesa reunión, na que a presenza de dous terzos dos Estados Partes constituirá quórum, as persoas seleccionadas para formar parte do Comité serán aqueles candidatos que obteñan o maior número de votos e unha maioría absoluta dos votos dos representantes dos Estados Partes presentes e votantes.

6. Os membros do Comité serán elixidos por un período de catro anos. Poderán ser reelixidos se presentan de novo a súa candidatura. O mandato de cinco dos membros elixidos na primeira elección expirará ao cabo de dous anos; inmediatamente despois de efectuada a primeira elección, o Presidente da reunión en que esta se celebre elixirá por sorteo os nomes deses cinco membros.

7. Se un membro do Comité falece ou dimita ou declara por calquera outra causa que non pode seguir desempeñando as súas funcións no Comité, o Estado Parte que propuxo ese membro designará entre os seus propios nacionais outro experto para exercer o mandato ata o seu termo, coa reserva da aprobación do Comité.

8. O Comité adoptará o seu propio regulamento.

9. O Comité elixirá a súa Mesa por un período de dous anos.

10. As reunións do Comité celebraranse normalmente na Sede das Nacións Unidas ou en calquera outro lugar conveniente que determine o Comité. O Comité reunirse normalmente todos os anos. A duración das reunións do Comité será determinada e revisada, se procedese, por unha reunión dos Estados Partes na presente Convención, coa reserva da aprobación da Asemblea Xeral.

11. O Secretario Xeral das Nacións Unidas proporcionará o persoal e os servizos necesarios para o desenvolvemento eficaz das funcións do Comité establecido en virtude da presente Convención.

12. Logo da aprobación da Asemblea Xeral, os membros do Comité establecido en virtude da presente Convención recibirán emolumentos con cargo aos fondos das Nacións Unidas, segundo as condicións que a Asemblea poida establecer.

Artigo 44

1. Os Estados Partes comprométense a presentar ao Comité, por conduto do Secretario Xeral das Nacións Unidas, informes sobre as medidas que adopten para dar efecto aos dereitos recoñecidos na Convención e sobre o progreso que realicen en canto ao uso deses dereitos.

- a) No prazo de dous anos a partir da data na que para cada Estado Parte entrase en vigor a presente Convención;
- b) No sucesivo, cada cinco anos.

2. Os informes preparados en virtude do presente artigo deberán indicar as circunstancias e dificultades, se as houber, que afecten ao grao de cumprimento das obrigas derivadas da presente Convención. Deberán, así mesmo, conter información suficiente para que o Comité teña cabal comprensión da aplicación da Convención no país de que se trate.

3. Os Estados Partes que presentasen un informe inicial completo ao Comité non necesitan repetir, en sucesivos informes presentados en conformidade co disposto no inciso b) do parágrafo 1 do presente artigo, a información básica presentada anteriormente.

4. O Comité poderá pedir aos Estados Partes máis información relativa á aplicación da Convención.

5. O Comité presentará cada dous anos á Asemblea Xeral das Nacións Unidas, por conduto do Consello Económico e Social, informes sobre as súas actividades.

6. Os Estados Partes darán aos seus informes unha ampla difusión entre o público dos seus países respectivos.

Artigo 45

Coa finalidade de fomentar a aplicación efectiva da Convención e de estimular a cooperación internacional na esfera regulada pola Convención:

- a) Os organismos especializados, o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e os demais órganos das Nacións Unidas terán dereito a estar representados no exame da aplicación daquelas disposicións da presente Convención comprendidas no ámbito do seu mandato. O Comité poderá invitar os organismos especializados, o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e outros órganos competentes que considere apropiados a que proporcionen asesoramento especializado sobre a aplicación da Convención nos Sectores que son de incumbencia dos seus respectivos mandatos. O Comité poderá invitar os organismos especializados, o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e os demais órganos

das Nacións Unidas a que presenten informes sobre a aplicación daquelas disposicións da presente Convención comprendidas no ámbito das súas actividades;

b) O Comité transmitirá, segundo estime conveniente, aos organismos especializados, ao Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e a outros órganos competentes, os informes dos Estados Partes que conteñan unha solicitude de asesoramento ou de asistencia técnica, ou nos que se indique esa necesidade, xunto coas observacións e suxestións do Comité, se as houber, sobre esas solicitudes ou indicacións;

c) O Comité poderá recomendar á Asemblea Xeral que lle pida ao Secretario Xeral que efectúe, no seu nome, estudos sobre cuestións concretas relativas aos dereitos do neno;

d) O Comité poderá formular suxestións e recomendacións xerais baseadas na información recibida en virtude dos artigos 44 e 45 da presente Convención. As ditas suxestións e recomendacións xerais deberán transmitirse aos Estados Partes interesados e notificarse á Asemblea Xeral, xunto cos comentarios, se os houber, dos Estados Partes.

PARTE 3

Artigo 46

A presente Convención estará aberta á sinatura de todos os Estados.

Artigo 47

A presente Convención está suxeita a ratificación. Os instrumentos de ratificación depositaranse en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 48

A presente Convención permanecerá aberta á adhesión de calquera Estado. Os instrumentos de adhesión serán depositados en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 49

1. A presente Convención entrará en vigor o trixésimo día seguinte á data en que fose depositado o vixésimo instrumento de ratificación ou adhesión en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

2. Para cada Estado que ratifique a Convención ou se adhira a ela despois de ser depositado o vixésimo instrumento de ratificación ou de adhesión, a Convención

entrará en vigor o trixésimo día despois do depósito por tal Estado do seu instrumento de ratificación ou adhesión.

Artigo 50

1. Todo Estado Parte poderá propoñer unha emenda e depositala en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas. O Secretario Xeral comunicarlles a emenda proposta aos Estados Partes, pedíndolles que notifiquen se desexan que se convoque unha conferencia de Estados Partes co fin de examinar a proposta e sometela a votación. Se dentro dos catro meses seguintes á data desa notificación un terzo, polo menos, dos Estados Partes se declara en favor de tal conferencia, o Secretario Xeral convocará unha conferencia co auspicio das Nacións Unidas. Toda emenda adoptada pola maioría de Estados Partes, presentes e votantes na conferencia, será sometida polo Secretario Xeral á Asemblea Xeral das Nacións Unidas para a súa aceptación.

2. Toda emenda adoptada en conformidade co parágrafo 1 do presente artigo entrará en vigor cando sexa aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e aceptada por unha maioría de dous terzos dos Estados Partes.

3. Cando as emendas entren en vigor serán obrigatorias para os Estados Partes que as aceptasen, en tanto que os demais Estados Partes seguirán obrigados polas disposicións da presente Convención e polas emendas anteriores que aceptasen.

Artigo 51

1. O Secretario Xeral das Nacións Unidas recibirá e comunicará a todos os Estados o texto das reservas formuladas polos Estados no momento da ratificación ou da adhesión.

2. Non se aceptará ningunha reserva incompatible co obxecto e o propósito da presente Convención.

3. Toda reserva poderá ser retirada en calquera momento por medio dunha notificación feita para ese efecto e dirixida ao Secretario Xeral das Nacións Unidas, quen informará a todos os Estados. Esa notificación producirá efecto na data da súa recepción polo Secretario Xeral.

Artigo 52

Todo Estado Parte poderá denunciar a presente Convención mediante notificación feita por escrito ao Secretario Xeral das Nacións Unidas. A denuncia producirá efecto un ano despois da data en que o Secretario Xeral recibise a notificación.

Artigo 53

É designado depositario da presente Convención o Secretario Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 54

O orixinal da presente Convención, cuxos textos en árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso son igualmente auténticos, depositarase en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

EN TESTEMUÑO DO CAL, os infraescritos plenipotenciarios, debidamente autorizados para iso polos respectivos gobernos, asinaron a presente Convención.

1/ A Asemblea Xeral, na súa resolución 50/155 do 21 de decembro de 1995, aprobou a emenda ao parágrafo 2 do artigo 43 da Convención sobre os Dereitos do Neno, substituindo a verba “dez” pola verba “dezaoito”. A emenda entrou en vigor o 18 de novembro do 2002, data na que quedou aceptada por dous terzos dos Estados Partes (128 de 191).

Protocolo facultativo da Convención sobre os Dereitos do Neno relativo á participación de nenos nos conflitos armados

Asemblea Xeral – Resolución A/RES/54/263 do 25 de maio de 2000

Entrada en vigor: 12 de febreiro de 2002

Os Estados Partes no presente Protocolo,

Alentados polo inmenso apoio de que goza a Convención sobre os Dereitos do Neno, que demostra que existe unha vontade xeral de loitar pola promoción e a protección dos dereitos do neno,

Reafirmando que os dereitos do neno requiren unha protección especial e que, para iso, é necesario seguir mellorando a situación dos nenos sen distinción e procurar que estes se desenvolvan e sexan educados en condicións de paz e seguridade,

Preocupados polos efectos perniciosos e xerais que teñen para os nenos os conflitos armados, e polas súas consecuencias a longo prazo para a paz, a seguridade e o desenvolvemento duradeiros,

Condenado o feito de que nas situacións de conflito armado os nenos se convertan nun branco, así como os ataques directos contra bens protexidos polo dereito internacional, incluídos os lugares onde adoita haber unha considerable presenza infantil, como escolas e hospitais,

Tomando nota da aprobación do Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional, en particular a inclusión entre os crimes de guerra en conflitos armados, tanto internacionais como non internacionais, do recrutamento ou alistamento de nenos menores de 15 anos ou a súa utilización para participar activamente nas hostilidades,

Considerando en consecuencia que para seguir promovendo a realización dos dereitos na Convención sobre os Dereitos do Neno é necesario aumentar a protección dos nenos con miras a evitar que participen en conflitos armados,

Observando que o artigo 1 da Convención sobre os Dereitos do Neno precisa que, para os efectos desa Convención, se entende por neno todo ser humano menor de 18 anos de idade, salvo que, en virtude da lei que lle sexa aplicable, acadase antes a maioría de idade,

Convencidos de que un protocolo facultativo da Convención polo que se eleve a idade mínima para o recrutamento de persoas nas forzas armadas e a súa partici-

pación directa nas hostilidades contribuirá eficazmente á aplicación do principio de que o interese superior do neno debe ser unha consideración primordial en todas as decisións que lle concirnan,

Tomando nota de que en decembro de 1995 a XXVI Conferencia Internacional da Cruz Vermella e da Media Lúa Vermella recomendou, entre outras cousas, que as partes en conflito tomasen todas as medidas viables para que os nenos menores de 18 anos non participasen en hostilidades,

Tomando nota con satisfacción da aprobación unánime, en xuño de 1999, do Convenio da Organización Internacional do Traballo Núm. 182 sobre a prohibición das peores formas de traballo infantil e a acción inmediata para a súa eliminación, no que se prohíbe, entre outros, o recrutamento forzoso ou obrigatorio de nenos para utilízalos en conflitos armados,

Condenando con suma preocupación o recrutamento, adestramento e utilización dentro e fóra das fronteiras nacionais de nenos en hostilidades por parte de grupos armados distintos das forzas dun Estado, e recoñecendo a responsabilidade dos que recrutan, adestran e utilizan nenos deste modo,

Recordando que todas as partes nun conflito armado teñen a obriga de observar as disposicións do dereito internacional humanitario,

Subliñando que o presente Protocolo se entenderá sen prexuízo dos obxectivos e principios que contén a Carta das Nacións Unidas, incluíndo o seu artigo 51 e as normas pertinentes do dereito humanitario,

Tendo presente que, para lograr a plena protección dos nenos, en particular durante os conflitos armados e a ocupación estranxeira, é indispensable que se dean condicións de paz e seguridade baseadas no pleno respecto dos propósitos e principios da Carta das Nacións Unidas e se observen os instrumentos vixentes en materia de dereitos humanos,

Recoñecendo as necesidades especiais dos nenos que estean especialmente expostos ao recrutamento ou utilización en hostilidades, contra o disposto no presente Protocolo, en razón da súa situación económica ou social ou de sexo,

Conscientes da necesidade de ter en conta as causas económicas, sociais e políticas que motivan a participación de nenos en conflitos armados,

Convencidos da necesidade de fortalecer a cooperación internacional na aplicación do presente Protocolo, así como da rehabilitación física e psicoso-

cial e a reintegración social dos nenos que son vítimas de conflitos armados,

Alentando a participación das comunidades e, en particular, dos nenos e das vítimas infantís na difusión de programas de información e de educación sobre a aplicación do Protocolo,

Acordaron o seguinte:

Artigo 1

Os Estados Partes adoptarán todas as medidas posibles para que ningún membro das súas forzas armadas menor de 18 anos participe directamente en hostilidades.

Artigo 2

Os Estados Partes velarán por que non se recrute obrigatoriamente nas súas forzas armadas ningún menor de 18 anos.

Artigo 3

1. Os Estados Partes elevarán a idade mínima para o recrutamento voluntario de persoas nas súas forzas armadas nacionais por riba da fixada no parágrafo 3 do artigo 38 da Convención sobre os Dereitos do Neno, tendo en conta os principios formulados no dito artigo, e recoñecendo que en virtude desa Convención os menores de 18 anos teñen dereito a unha protección especial.

2. Cada Estado Parte depositará, ao ratificar o presente Protocolo ou adherirse a el, unha declaración vinculante na que se estableza a idade mínima na que permitirá o recrutamento voluntario nas súas forzas armadas e se ofrezca unha descrición das salvagardas que adoptase para asegurarse de que non se realiza ese recrutamento pola forza ou por coacción.

3. Os Estados Partes que permitan o recrutamento voluntario nas súas forzas armadas nacionais de menores de 18 anos establecerán medidas de salvagarda que garantan, como mínimo, que:

- a) Ese recrutamento sexa autenticamente voluntario;
- b) Ese recrutamento se realice co consentimento informado dos pais ou de persoas que teñan a súa custodia legal;
- c) Eses menores estean plenamente informados dos deberes que supón ese servizo militar;
- d) Eses menores presenten probas fiables da súa idade antes de ser aceptados no servizo militar nacional.

4. Cada Estado Parte poderá ampliar a súa declaración en calquera momento mediante notificación para tal efecto dirixida ao Secretario Xeral das Nacións Unidas, o cal informará a todos os Estados Partes. A notificación producirá efecto dende a data en que a reciba o Secretario Xeral.

5 A obriga de elevar a idade segundo se establece no parágrafo 1 do presente artigo non é aplicable ás escolas xestionadas ou situadas baixo o control das forzas armadas dos Estados Partes, en conformidade cos artigos 28 e 29 da Convención sobre os Dereitos do Neno.

Artigo 4

1. Os grupos armados distintos das forzas armadas dun Estado non deben en ningunha circunstancia recrutar ou utilizar en hostilidades a menores de 18 anos.

2. Os Estados Partes adoptarán todas as medidas posibles para impedir ese recrutamento e utilización, con inclusión da adopción das medidas legais necesarias para prohibir e castigar esas prácticas.

3. A aplicación do presente artigo non afectará a situación xurídica de ningunha das partes nun conflito armado.

Artigo 5

Ningunha disposición do presente Protocolo se interpretará de maneira que impida a aplicación dos preceptos do ordenamento dun Estado Parte, dos instrumentos internacionais ou do dereito humanitario internacional cando eses preceptos sexan máis propicios para a realización dos dereitos do neno.

Artigo 6

1. Cada Estado Parte adoptará todas as medidas xurídicas, administrativas e doutra índole necesarias para garantir a aplicación efectiva e de vixilancia do cumprimento efectivo das disposicións do presente Protocolo dentro da súa xurisdición.

2. Os Estados Partes comprométense a difundir e promover polos medios axeitados, entre adultos e nenos por igual, os principios e as disposicións do presente Protocolo.

3. Os Estados Partes adoptarán todas as medias posibles para que as persoas que estean baixo a súa xurisdición e fosen recrutadas ou utilizadas en hostilidades en contradición co presente Protocolo sexan desmobilizadas ou separadas do servizo

doutro modo. De ser necesario, os Estados Partes prestarán a esas persoas toda a asistencia conveniente para a súa recuperación física e psicolóxica e a súa reintegración social.

Artigo 7

1. Os Estados Partes cooperarán na aplicación do presente Protocolo, en particular na prevención de calquera actividade contraria a el e a rehabilitación e reintegración social das persoas que sexan vítimas de actos contrarios ao presente Protocolo, entre outras cousas mediante a cooperación técnica e a asistencia financeira. Esa asistencia e esa cooperación levarase a cabo en consulta cos Estados Partes afectados e as organizacións internacionais pertinentes.

2. Os Estados Partes que estean en condicións de facelo prestarán esa asistencia mediante os programas multilaterais, bilaterais, ou doutro tipo existentes ou, entre outras cousas, mediante un fondo voluntario establecido en conformidade coas normas da Asemblea Xeral.

Artigo 8

1. A máis tardar dous anos despois da entrada en vigor do Protocolo respecto dun Estado Parte, este presentará ao Comité dos Dereitos do Neno un informe que conteña unha exposición xeral das medidas que adoptará para dar cumprimento ás disposicións do Protocolo, incluídas as medidas adoptadas co obxecto de aplicar as disposicións relativas á participación e o recrutamento.

2. Despois da presentación do informe xeral, cada Estado Parte incluírá nos informes que presente ao Comité dos Dereitos do Neno en conformidade co artigo 44 da Convención información adicional sobre a aplicación do presente Protocolo. Os demais Estados Partes no Protocolo presentarán un informe cada 5 anos.

3. O Comité dos Dereitos do Neno poderá pedir aos Estados Partes máis información sobre a aplicación do presente Protocolo.

Artigo 9

1. O presente Protocolo estará aberto á sinatura de todo Estado que sexa Parte na Convención ou a asinase.

2. O presente Protocolo está suxeito á ratificación e aberto á adhesión de todos os Estados. Os instrumentos de ratificación ou adhesión depositaranse en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

3. O Secretario Xeral, en calidade de depositario da Convención e do Protocolo, informará a todos os Estados Partes na Convención e a todos os Estados que asinasen a Convención do depósito de cada un dos instrumentos de declaración en virtude do artigo 3.

Artigo 10

1. O presente Protocolo entrará en vigor tres meses despois da data en que fose depositado o décimo instrumento de ratificación ou de adhesión.

2. Respecto dos Estados que ratificasen o presente Protocolo ou se adherisen a el despois da súa entrada en vigor, o Protocolo entrará en vigor un mes despois da data en que se depositase o correspondente instrumento de ratificación ou adhesión.

Artigo 11

1. Todo Estado Parte poderá denunciar o presente Protocolo en calquera momento notificándollo por escrito ao Secretario Xeral das Nacións Unidas, quen informará disto aos demais Estados Partes na Convención e a todos os Estados que a asinasen. A denuncia producirá efecto un ano despois da data na que o Secretario Xeral das Nacións Unidas recibise a notificación. Non obstante, se ao cumprirse ese prazo o Estado Parte denunciante está intervindo nun conflito armado, a denuncia non producirá efecto ata que remate o dito conflito armado.

2. Esa denuncia non eximirá o Estado Parte das obrigas que lle incumban en virtude do presente Protocolo respecto de todo acto que se producise antes da data en que aquela produza efecto. A denuncia tampouco obstará de ningún modo para que o Comité prosiga o exame de calquera asunto iniciado antes desa data.

Artigo 12

1. Todo Estado Parte poderá propoñer unha emenda e depositala en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas. O secretario Xeral comunicarálles a emenda proposta aos Estados Partes, pedíndolles que lle notifiquen se desexan que se convoque unha conferencia de Estados Partes co fin de examinar as propostas e sometelas a votación. Se dentro dos catro meses seguintes á data desa notificación un terzo, ao menos, dos Estados Partes se declara a favor de tal conferencia, o Secretario Xeral convocaráa co auspicio das Nacións Unidas. Toda emenda adoptada pola maioría dos Estados Partes presentes e votantes na conferencia será sometida á Asemblea Xeral das Nacións Unidas para a súa aprobación.

2. Toda emenda adoptada en conformidade co parágrafo 1 do presente artigo entrará en vigor cando sexa aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e aceptada por unha maioría de dous terzos dos Estados Partes.

3. As emendas, cando entren en vigor, serán obrigatorias para os Estados Partes que as aceptasen; os demais Estados Partes seguirán obrigados polas disposicións do presente Protocolo e polas emendas anteriores que aceptasen.

Artigo 13

1. O presente Protocolo, cuxos textos en árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso son igualmente auténticos, será depositado nos arquivos das Nacións Unidas.

2. O Secretario Xeral das Nacións Unidas enviaralles copias certificadas do presente Protocolo a todos os Estados Partes na Convención e a todos os Estados que asinasen a Convención.

Protocolo facultativo da Convención sobre os Dereitos do Neno relativo á venda de nenos, á prostitución infantil e á utilización de nenos na pornografía

Asemblea Xeral – Resolución A/RES/54/263 do 25 de maio de 2000

Entrada en vigor: 18 de xaneiro de 2002

Os Estados Partes no presente Protocolo,

Considerando que para asegurar o mellor logro dos propósitos da Convención sobre os Dereitos do Neno e da aplicación das súas disposicións e especialmente dos artigos 1, 11, 21, 32, 33, 34, 35 e 36, sería conveniente ampliar as medidas que deben adoptar os Estados Partes co fin de garantir a protección dos menores contra a venda de nenos, a prostitución infantil e a utilización de nenos na pornografía,

Considerando tamén que na Convención sobre os Dereitos do Neno se recoñece o dereito do neno á protección contra a explotación económica e a realización de traballos que poidan ser perigosos, entorpecer a súa educación ou afectar a súa saúde ou desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral ou social,

Gravemente preocupados polo importante e o crecente tráfico internacional de menores para os fins da venda de nenos, a súa prostitución e a súa utilización na pornografía,

Manifestando a súa profunda preocupación pola práctica difundida e continuada do turismo sexual, á que os nenos son especialmente vulnerables xa que fomenta directamente a venda de nenos, a súa utilización na pornografía e a súa prostitución,

Recoñecendo que algúns grupos especialmente vulnerables, en particular as nenas, están expostos a un perigo maior de explotación sexual, e que a representación de nenas entre as persoas explotadas sexualmente é desproporcionadamente alta,

Preocupados pola dispoñibilidade cada vez maior de pornografía infantil na Internet e outros medios tecnolóxicos modernos e recordando a Conferencia Internacional de Loita contra a Pornografía Infantil na Internet (Viena, 1999) e, en particular, as súas conclusións, nas que se pide a penalización en todo o mundo da produción, distribución, exportación, transmisión, importación, posesión internacional e propáganda deste tipo de pornografía e subliñando a importancia dunha colaboración e asociación máis estreitas entre os gobernos e o sector da Internet,

Estimando que será mais doado erradicar a venda de nenos, a prostitución infantil e a utilización de nenos na pornografía se se adopta un enfoque global que permita

facér fronte a todos os factores que inciden no caso, en particular, o subdesenvolvemento, a pobreza, as disparidades económicas, as estruturas socioeconómicas non equitativas, a disfunción das familias, a falta de educación, a migración do campo á cidade, a discriminación por motivos de sexo, o comportamento sexual irresponsable dos adultos, as prácticas tradicionais nocivas, os conflitos armados e o tráfico de nenos,

Estimando que se deben facer esforzos por sensibilizar o público co fin de reducir o mercado de consumidores que leva á venda de nenos, á prostitución infantil e á utilización de nenos na pornografía, e estimando tamén que é importante fortalecer a asociación mundial de todos os axentes, así como mellorar a represión a nivel nacional,

Tomando nota das disposicións dos instrumentos xurídicos internacionais relativos á protección dos nenos, en particular o Convenio de A Haia sobre a Protección dos Nenos e a Cooperación en materia de Adopción Internacional, a Convención de A Haia sobre os Aspectos Cívís do Secuestro Internacional de Nenos, a Convención de A Haia sobre a Xurisdición, o Dereito Aplicable, o Recoñecemento, a Execución e a Cooperación en materia de Responsabilidade Parental e Medidas para a Protección dos Nenos, así como o Convenio Núm. 182 da Organización Internacional do Traballo sobre a prohibición das peores formas de traballo infantil e a acción inmediata para a súa eliminación,

Alentados polo grande apoio de que goza a Convención dos Dereitos do Neno, o que demostra a adhesión xeneralizada á promoción e protección dos dereitos do neno,

Recoñecendo a importancia de aplicar as disposicións do Programa de Acción para a Prevención da Venda de Nenos, a Prostitución Infantil e a Utilización de Nenos na Pornografía, así como a Declaración e o Programa de Acción aprobado polo Congreso Mundial contra a Explotación Sexual Comercial dos Nenos, celebrada en Estocolmo do 27 ao 31 de agosto de 1996, e as demais decisións e recomendacións pertinentes dos órganos internacionais competentes,

Tendo debidamente en conta a importancia das tradicións e os valores culturais de cada pobo para os fins da protección e desenvolvemento do neno,

Acordaron o seguinte:

Artigo 1

Os Estados Partes prohibirán a venda de nenos, a prostitución infantil e a pornografía infantil, en conformidade co disposto no presente Protocolo.

Artigo 2

Para os efectos do presente Protocolo:

- a) Por venda de nenos enténdese todo acto ou transacción en virtude dos cales un neno é transferido por unha persoa ou grupo de persoas a outra a cambio de remuneración ou calquera outra retribución;
- b) Por prostitución infantil enténdese a utilización dun neno en actividades sexuais a cambio de remuneración ou calquera outra retribución;
- c) Por pornografía infantil enténdese toda representación por calquera medio dun neno dedicado a actividades sexuais explícitas, reais ou simuladas, ou toda representación das partes xenitais dun neno con fins primordialmente sexuais.

Artigo 3

1. Todo Estado Parte adoptará medidas para que, como mínimo, os actos e actividades que a continuación se enumeran queden integramente comprendidos na súa lexislación penal, tanto se se cometeron dentro como fóra das súas fronteiras ou se se perpetraron tanto individual como colectivamente:

- a) En relación coa venda de nenos, no sentido no que se define no artigo 2:
 - I) Ofrecer, entregar ou aceptar, por calquera medio un neno con fins de:
 - a. Explotación sexual do neno;
 - b. Transferencia con fins de lucro de órganos do neno;
 - c. Traballo forzoso do neno;
 - II) Inducir indebidamente, en calidade de intermediario, a alguén a que preste o seu consentimento para a adopción dun neno violando os instrumentos xurídicos internacionais aplicables en materia de adopción;
- b) A oferta, posesión, adquisición ou entrega dun neno con fins de prostitución no sentido no que se define no artigo 2;
- c) A produción, distribución, divulgación, importación, exportación, oferta, venda ou posesión, cos fins antes sinalados, de pornografía infantil, no sentido no que se define no artigo 2.

2. Con subxección aos preceptos da lexislación dos Estados Partes, estas disposicións aplicaranse tamén nos casos de tentativa de cometer calquera destes actos e de complicidade ou participación en calquera destes actos.

3. Todo Estado Parte castigará estes delitos con penas axeitadas á súa gravidade.

4. Con subxección aos preceptos da súa lexislación, os Estados Partes adoptarán, cando proceda, as disposicións que permitan facer efectiva a responsabilidade de persoas xurídicas polos delitos enunciados no parágrafo 1 do presente artigo. Con

subxección aos principios xurídicos aplicables no Estado Parte, a responsabilidade das persoas xurídicas poderá ser penal, civil ou administrativa.

5. Os Estados Partes adoptarán todas as disposicións legais e administrativas pertinentes para que todas as persoas que interveñan na adopción dun neno actúen en conformidade cos instrumentos xurídicos internacionais aplicables.

Artigo 4

1. Todo Estado Parte adoptará as disposicións necesarias para facer efectiva a súa xurisdición con respecto aos delitos a que se refire o parágrafo 1 do artigo 3, cando eses delitos se cometan no seu territorio ou a bordo dun buque ou unha aeronave que enarboren o seu pavillón.

2. Todo Estado Parte poderá adoptar as disposicións necesarias para facer efectiva a súa xurisdición con respecto aos delitos a que se refire o parágrafo 1 do artigo 3 nos casos seguintes:

- a) Cando o presunto delincuente sexa nacional dese Estado ou teña residencia habitual no seu territorio;
- b) Cando a vítima sexa nacional dese Estado.

3. Todo Estado Parte adoptará tamén as disposicións que sexan necesarias para facer efectiva a súa xurisdición con respecto aos delitos antes sinalados cando o presunto delincuente sexa atopado no seu territorio e non sexa extraditado a outro Estado Parte en razón de ser cometido o delito por un dos seus nacionais.

4. Nada do disposto no presente Protocolo excluírá o exercicio da xurisdición penal en conformidade coa lexislación nacional.

Artigo 5

1. Os delitos aos que se refire o parágrafo 1 do artigo 3 considéranse incluídos entre os delitos que dan lugar a extradición en todo tratado de extradición celebrado entre Estados Partes, e incluíranse como delitos que dan lugar a extradición en todo tratado de extradición que celebren entre si no futuro, en conformidade coas condicións establecidas neses tratados.

2. O Estado Parte que subordine a extradición á existencia dun tratado, se recibe doutro Estado Parte co que non ten tratado ao respecto unha solicitude de extradición, poderá invocar o presente Protocolo como base xurídica para a extradición respecto deses delitos. A extradición estará suxeita ás demais condicións establecidas na lexislación do Estado requirido.

3. Os Estados Partes que non subordinen a extradición á existencia dun tratado recoñecerán que eses delitos dan lugar á extradición entre eses Estados, con subxección ás condicións establecidas na lexislación do Estado requirido.

4. Para os efectos da extradición entre Estados Partes, considerarase que os delitos se cometeron non só no lugar onde aconteceron senón tamén no territorio dos Estados obrigados a facer efectiva a súa xurisdición conforme o artigo 4.

5. Se se presenta unha solicitude de extradición respecto a un dos delitos aos que se refire o parágrafo 1 do artigo 3 e o Estado requirido non a concede ou non desexa concedela en razón da nacionalidade do autor do delito, ese Estado adoptará as medidas que correspondan para someter o caso ás súas autoridades competentes para os efectos do seu axuízamento.

Artigo 6

1. Os Estados Partes prestaranse toda a asistencia posible en relación con calquera investigación, proceso penal ou procedemento de extradición que se inicie con respecto aos delitos aos que se refire o parágrafo 1 do artigo 3, en particular, asistencia para a obtención de todas as probas necesarias para eses procedementos que obren no seu poder.

2. Os Estados Partes cumprirán as obrigas que lles incumban en virtude do parágrafo 1 do presente artigo en conformidade cos tratados ou acordos de asistencia xudicial recíproca que existan entre eles. En ausencia deses tratados ou acordos, os Estados Partes prestaranse a dita asistencia en conformidade coa súa lexislación.

Artigo 7

Con subxección ás disposicións da súa lexislación, os Estados Partes:

- a) Adoptarán medidas para incautar e confiscar, segundo corresponda;
- b) Os bens tales como materiais, activos e outros medios utilizados para cometer ou facilitar a comisión dos delitos aos que se refire o presente Protocolo;
- c) Os beneficios obtidos deses delitos;
- d) Tramitarán as peticións formuladas por outros Estados Partes para que se proceda á incautación ou confiscación dos bens ou os beneficios aos que se refire o inciso i) do apartado a);
- e) Adoptarán medidas para pechar, temporal ou definitivamente, os locais utilizados para cometer eses delitos.

Artigo 8

1. Os Estados Partes adoptarán medidas adecuadas para protexer en todas as fases do proceso penal os dereitos e intereses dos nenos vítimas das prácticas prohibidas polo presente Protocolo e, en particular, deberán;

- a) Recoñecer a vulnerabilidade dos nenos vítimas e adaptar os procedementos de forma que se recoñezan as súas necesidades especiais, incluídas as necesidades especiais para declarar como testemuñas;
- b) Informar os nenos vítimas dos seus dereitos, do seu papel, do alcance, das datas e da marcha das actuacións e da resolución da causa;
- c) Autorizar a presentación e consideración das opinións, necesidades e preocupacións dos nenos vítimas nas actuacións en que se vexan afectados os seus intereses persoais, dunha maneira compatible coas normas procesuais da lexislación nacional;
- d) Prestar a debida asistencia durante todo o proceso aos nenos vítimas;
- e) Protexer debidamente a intimidade e a identidade dos nenos vítimas e adoptar medidas en conformidade coa lexislación nacional para evitar a divulgación de información que poida conducir á identificación desas vítimas;
- f) Velar pola seguridade dos nenos vítimas, así como pola das súas familias e as testemuñas ao seu favor, fronte a intimidacións e represalias;
- g) Evitar as demoras innecesarias na resolución das causas e na execución das resolucións ou decretos polos que se conceda reparación aos nenos vítimas.

2. Os Estados Partes garantirán que o feito de haber dúbidas acerca da idade real da vítima non impida a iniciación das investigacións penais, incluídas as investigacións encamiñadas a determinar a idade da vítima.

3. Os Estados Partes garantirán que no tratamento pola xustiza penal dos nenos vítimas dos delitos enunciados no presente Protocolo a consideración primordial a ter en conta sexa o interese superior do neno.

4. Os Estados Partes adoptarán medidas para asegurar unha formación axeitada, particularmente nos ámbitos xurídico e psicolóxico, das persoas que traballen con vítimas dos delitos prohibidos en virtude do presente Protocolo.

5. Os Estados Partes adoptarán, cando proceda, medidas para protexer a seguridade e integridade das persoas ou organizacións dedicadas á prevención ou á protección e rehabilitación das vítimas deses delitos.

6. Nada do disposto no presente artigo se entenderá en prexuízo dos dereitos do acusado a un xuízo xusto e imparcial, nin será incompatible con eses dereitos.

Artigo 9

1. Os Estados Partes adoptarán ou reforzarán, aplicarán e darán publicidade ás leis, ás medidas administrativas, ás políticas e aos programas sociais destinados á prevención dos delitos aos que se refire o presente Protocolo.

Prestarase particular atención á protección dos nenos que sexan especialmente vulnerables a esas prácticas.

2. Os Estados Partes promoverán a sensibilización do público en xeral, incluídos os nenos, mediante a información por todos os medios axeitados e a educación e o adestramento acerca das medidas preventivas e os efectos prexudiciais dos delitos aos que se refire o presente Protocolo. Ao cumprir as obrigacións que lles impón este artigo, os Estados Partes alentarán a participación da comunidade e, en particular, dos nenos e dos nenos vítimas, en tales programas de información, educación e adestramento, mesmo no plano internacional.

3. Os Estados Partes tomarán todas as medidas posibles co fin de asegurar toda a asistencia axeitada ás vítimas deses delitos, así como a súa plena reintegración social e a súa plena recuperación física e psicolóxica.

4. Os Estados Partes asegurarán que todos os nenos vítimas dos delitos enunciados no presente Protocolo teñan acceso a procedementos adecuados para obter, sen discriminación das persoas legalmente responsables, reparación polos danos sufridos.

5. Os Estados Partes adoptarán as medidas necesarias para prohibir afectivamente a produción e publicación do material en que se faga publicidade aos delitos enunciados no presente Protocolo.

Artigo 10

1. Os Estados Partes adoptarán todas as medidas necesarias para fortalecer a cooperación internacional mediante acordos multilaterais, rexionais e bilaterais para a prevención, a detección, a investigación, o axuízamento e o castigo dos responsables de actos de venda de nenos, prostitución infantil e utilización de nenos na pornografía ou o turismo sexual. Os Estados Partes promoverán tamén a cooperación internacional e a coordinación entre as súas autoridades e as organizacións non gubernamentais nacionais e internacionais, así como as organizacións internacionais.

2. Os Estados Partes promoverán o fortalecemento da cooperación internacional na axuda dos nenos vítimas para os fins da súa recuperación física e psicolóxica, reintegración social e repatriación.

3. Os Estados Partes promoverán a cooperación internacional con miras a loitar contra os factores fundamentais, como a pobreza e o subdesenvolvemento, que contribúen á vulnerabilidade dos nenos ás prácticas de vendas de nenos, prostitución infantil e utilización de nenos na pornografía ou no turismo sexual.

4. Os Estados Partes que estean en condicións de facelo proporcionarán asistencia financeira, técnica ou doutra índole, por conduto dos programas existentes no plano multilateral, rexional ou bilateral ou doutros programas.

Artigo 11

Nada do disposto no presente Protocolo se entenderá en prexuízo de calquera disposición máis propicia á realización dos dereitos do neno que estea contida en:

- a) A lexislación dun Estado Parte;
- b) O dereito internacional en vigor con respecto a ese Estado.

Artigo 12

1. No prazo de dous anos despois da entrada en vigor do Protocolo respecto dun Estado Parte, este presentalle ao Comité dos Dereitos do Neno un informe que conteña unha exposición xeral das medidas que adoptase para dar cumprimento ás disposicións do Protocolo.

2. Despois da presentación do informe xeral, cada Estado Parte incluírá nos informes que presente ao Comité dos Dereitos do Neno, en conformidade co artigo 44 da Convención, información adicional da aplicación do Protocolo. Os demais Estados Partes no Protocolo presentarán un informe cada cinco anos.

3. O Comité dos Dereitos do Neno poderá pedir aos Estados Partes calquera información pertinente sobre a aplicación do presente Protocolo.

Artigo 13

1. O presente Protocolo estará aberto á sinatura de todo Estado que sexa Parte na Convención ou a asinase.

2. O presente Protocolo estará suxeito á ratificación e aberto á adhesión de todo Estado que sexa Parte na Convención ou a asinase. Os instrumentos de ratificación ou de adhesión depositaranse en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 14

1. O presente Protocolo entrará en vigor tres meses despois da data en que se depositase o décimo instrumento de ratificación ou de adhesión.
2. Respecto dos Estados que ratificasen o presente Protocolo ou se adherisen a el despois da súa entrada en vigor, o Protocolo entrará en vigor un mes despois da data en que se depositase o correspondente instrumento de ratificación ou de adhesión.

Artigo 15

1. Todo Estado Parte poderá denunciar o presente Protocolo en calquera momento notificándollo por escrito ao Secretario Xeral das Nacións Unidas, quen informará disto aos demais Estados Partes na Convención e a todos os Estados que asinasen a Convención. A denuncia producirá efecto un ano despois da data en que o Secretario Xeral das Nacións Unidas recibise a notificación.
2. Esa denuncia non eximirá o Estado Parte das obrigacións que lle incumban en virtude do presente Protocolo respecto de todo delito que se cometese antes da data en que aquela produza efecto. A denuncia tampouco obstará de ningún modo para que o Comité prosiga o exame de calquera asunto iniciado antes desa data.

Artigo 16

1. Todo Estado Parte poderá propoñer unha emenda e depositala en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas. O Secretario Xeral comunicará a emenda proposta aos Estados Partes, pedíndolles que lle notifiquen se desexan que se convoque a unha conferencia de Estados Partes co fin de examinar a proposta e sometela a votación. Se dentro dos catro meses seguintes á data desa notificación un terzo, ao menos, dos Estados Partes se declara en favor de tal conferencia, o Secretario Xeral convocará co auspicio das Nacións Unidas. Toda emenda adoptada pola maioría dos Estados Partes presentes e votantes na conferencia someterase á aprobación da Asemblea Xeral.
2. Toda emenda adoptada en conformidade co parágrafo 1 do presente artigo entrará en vigor cando sexa aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e aceptada por unha maioría de dous terzos dos Estados Partes.
3. As emendas, cando entren en vigor, serán obrigatorias para os Estados Partes que as aceptasen; os demais Estados Partes seguirán obrigados polas disposicións do presente Protocolo e por toda emenda anterior que aceptasen.

Artigo 17

1. O presente Protocolo, cuxos textos en árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso son igualmente auténticos, será depositado nos arquivos das Nacións Unidas.
2. O Secretario Xeral das Nacións Unidas enviará copias certificadas do presente Protocolo a todos os Estados Partes na Convención e a todos os Estados que asinasen a Convención.

Protocolo facultativo da Convención sobre os Dereitos do Neno relativo a un procedemento de comunicacións

Asemblea Xeral. Resolución A/RES/66/138 do 27 de xaneiro de 2012

Entrada en vigor: 14 de abril de 2014

Os Estados Partes no presente Protocolo,

Considerando que, en conformidade cos principios enunciados na Carta das Nacións Unidas, a liberdade, a xustiza e a paz no mundo se basean no recoñecemento da dignidade inherente a todos os membros da familia humana e dos seus dereitos iguais e inalienables,

Observando que os Estados partes na Convención sobre os Dereitos do Neno (en diante “a Convención”) recoñecen os dereitos enunciados na Convención a todos os nenos suxeitos á súa xurisdición sen discriminación ningunha, independentemente da raza, a cor, o sexo, o idioma, a relixión, a opinión política ou doutra índole, a orixe nacional, étnica ou social, a posición económica, a discapacidade, o nacemento ou calquera outra condición do neno, de seus pais ou do seu titor legal,

Reafirmando a universalidade, indivisibilidade, interdependencia e interrelación de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais,

Reafirmando tamén a condición do neno como suxeito de dereitos e ser humano con dignidade e con capacidades en evolución,

Recoñecendo que a situación especial e de dependencia dos nenos lles pode dificultar seriamente o exercicio de recursos para reparar a violación dos seus dereitos,

Considerando que o presente Protocolo virá reforzar e complementar os mecanismos nacionais e rexionais ao permitir aos nenos denunciar a violación dos seus dereitos,

Recoñecendo que o respecto do interese superior do neno deberá ser unha consideración fundamental cando se exerzan recursos para reparar a violación dos seus dereitos, así como a necesidade de procedementos adaptados ao neno en todas as instancias,

Alentando os Estados partes a que establezan mecanismos nacionais apropiados para que os nenos cuxos dereitos fosen vulnerados teñan acceso a recursos efectivos nos seus países,

Recordando a importante función que poden desempeñar a ese respecto as institucións nacionais de dereitos humanos e outras institucións especializadas competentes que teñan o mandato de promover e protexer os dereitos do neno,

Considerando que, a fin de reforzar e complementar eses mecanismos nacionais e de mellorar a aplicación da Convención e, cando sexa o caso, dos seus Protocolos facultativos relativos á venda de nenos, á prostitución infantil e á utilización de nenos na pornografía, e á participación de nenos nos conflitos armados, conviría facultar o Comité dos Dereitos do Neno (en diante “o Comité”) para que desempeñe as funcións previstas no presente Protocolo,

Conviñeron no seguinte:

Artigo 1

1. Os Estados partes no presente Protocolo recoñecen a competencia do Comité conforme o disposto no presente Protocolo.
2. O Comité non exercerá a súa competencia respecto dun Estado parte no presente Protocolo en relación coa violación dos dereitos establecidos nun instrumento en que o dito Estado non sexa parte.
3. O Comité non recibirá ningunha comunicación que concirna a un Estado que non sexa parte no presente Protocolo.

Artigo 2

Ao exercer as funcións que lle confire o presente Protocolo, o Comité guiarase polo principio do interese superior do neno. Tamén terá en conta os dereitos e as opinións do neno, e dará a esas opinións o debido peso, en consonancia coa idade e a madurez do neno.

Artigo 3

1. O Comité aprobará o regulamento que haberá de aplicar no exercicio das funcións que lle confire o presente Protocolo. Ao facelo terá en conta, en particular, o artigo 2 do presente Protocolo, para garantir que os procedementos se adapten ao neno.
2. O Comité incluírá no seu regulamento salvagardas para evitar que quen actúe en nome de nenos os manipule, e poderá negarse a examinar toda comunicación que na súa opinión non redunde no interese superior do neno.

Artigo 4

1. Os Estados partes adoptarán todas as medidas que procedan para que as persoas suxeitas á súa xurisdición non sexan obxecto de ningunha violación dos seus dereitos humanos, maltrato ou intimidación como consecuencia de se comunicaren co Comité ou de cooperaren con el en conformidade co presente Protocolo.

2. Non se revelará publicamente a identidade de ningunha persoa ou grupo de persoas interesados sen o seu consentimento expreso.

Artigo 5

1. As comunicacións poderán ser presentadas por, ou en nome de, persoas ou grupos de persoas suxeitas á xurisdición dun Estado parte que afirmen ser vítimas dunha violación polo Estado parte de calquera dos dereitos enunciados en calquera dos seguintes instrumentos en que ese Estado sexa parte:

- a) A Convención;
- b) O Protocolo facultativo da Convención relativo á venda de nenos, á prostitución infantil e á utilización de nenos na pornografía;
- c) O Protocolo facultativo da Convención relativo á participación de nenos nos conflitos armados.

2. Cando se presente unha comunicación en nome dunha persoa ou un grupo de persoas, requirirase o seu consentimento, a menos que o autor poida xustificar o actuar no seu nome sen tal consentimento.

Artigo 6

1. O Comité, tras recibir unha comunicación e antes de pronunciarse sobre a cuestión de fondo, poderá en calquera momento dirixir ao Estado parte de que se trate, para que este a estude con urxencia, a solicitude de que adopte as medidas provisionais que poidan ser necesarias en circunstancias excepcionais para evitar posibles danos irreparables á vítima ou ás vítimas da presunta violación.

2. O feito de que o Comité exerza a facultade discrecional que lle confire o parágrafo 1 do presente artigo non entrañará xuízo ningún sobre a admisibilidade nin sobre o fondo da comunicación.

Artigo 7

O Comité declarará inadmisibile toda comunicación que:

- a) Sexa anónima;

- b) Non se presente por escrito;
- c) Constitúa un abuso do dereito a presentar tales comunicacións ou sexa incompatible coas disposicións da Convención e/ou dos seus Protocolos facultativos;
- d) Se refira a unha cuestión que xa fose examinada polo Comité ou que fose ou estea sendo examinada en virtude doutro procedemento de investigación ou acordo internacional;
- e) Se presente sen que se teñan esgotado todos os recursos internos dispoñibles, salvo que a tramitación deses recursos se prolongue inxustificadamente ou que sexa improbable que con eles se logre unha reparación efectiva;
- f) Sexa manifestamente infundada ou non estea suficientemente fundamentada;
- g) Se refira a feitos sucedidos antes da data de entrada en vigor do presente Protocolo para o Estado parte de que se trate, salvo que eses feitos continuasen producíndose despois desa data;
- h) Non se presentase no prazo dun ano tras o esgotamento dos recursos internos, salvo nos casos en que o autor poida demostrar que non foi posible presentala dentro dese prazo.

Artigo 8

1. A menos que o Comité considere que unha comunicación é inadmisíbel sen remisión ao Estado parte interesado, o Comité poñerá en coñecemento dese Estado parte, de forma confidencial e coa maior brevidade, toda comunicación que se lle presente de acordo co presente Protocolo.
2. O Estado parte presentará ao Comité por escrito explicacións ou declaracións nas que se aclare a cuestión e se indiquen as medidas correctivas que se adoptasen, de ser ese o caso. O Estado parte presentará a súa resposta coa maior brevidade e dentro dun prazo de seis meses.

Artigo 9

1. O Comité poñerá os seus bos oficios á disposición das partes interesadas con miras a chegar a unha solución amigable da cuestión sobre a base do respecto das obrigas establecidas na Convención e/ou nos seus Protocolos facultativos.
2. O acordo nunha solución amigable logrado baixo os auspicios do Comité poñerá fin ao exame da comunicación no marco do presente Protocolo.

Artigo 10

1. O Comité examinará as comunicacións que reciba en virtude do presente Protocolo coa maior celeridade posible e á luz de toda a documentación que se teña posto á súa

disposición, sempre que esa documentación sexa transmitida ás partes interesadas.

2. O Comité examinará en sesión privada as comunicacións que reciba en virtude do presente Protocolo.

3. Cando o Comité teña solicitado medidas provisionais, acelerará o exame da comunicación.

4. Ao examinar unha comunicación en que se denunciaren violacións de dereitos económicos, sociais ou culturais, o Comité considerará ata que punto son razoables as medidas adoptadas polo Estado parte en conformidade co artigo 4 da Convención. Ao facelo, o Comité terá presente que o Estado parte pode adoptar toda unha serie de posibles medidas de política para facer efectivos os dereitos económicos, sociais e culturais enunciados na Convención.

5. Tras examinar unha comunicación, o Comité fará chegar sen dilación ás partes interesadas o seu ditame sobre a comunicación, xunto coas súas eventuais recomendacións.

Artigo 11

1. O Estado parte dará a debida consideración ao ditame do Comité, así como ás súas eventuais recomendacións, e enviaralle unha resposta por escrito que inclúa información sobre as medidas que adoptase ou teña previsto adoptar á luz do ditame e as recomendacións do Comité. O Estado parte presentará a súa resposta coa maior brevidade e dentro dun prazo de seis meses.

2. O Comité poderá invitar o Estado parte a presentar máis información sobre as medidas que adoptase en atención ao seu ditame ou ás súas recomendacións, ou en aplicación dun eventual acordo de solución amigable, incluso se o Comité o considera procedente, nos informes que presente posteriormente en conformidade co artigo 44 da Convención, o artigo 12 do Protocolo facultativo da Convención relativo á venda de nenos, á prostitución infantil e á utilización de nenos na pornografía ou o artigo 8 do Protocolo facultativo da Convención relativo á participación de nenos nos conflitos armados, segundo o caso.

Artigo 12

1. Todo Estado parte no presente Protocolo poderá declarar en calquera momento que reconece a competencia do Comité para recibir e examinar comunicacións en que un Estado parte alegue que outro Estado parte non cumpre as obrigas dimanantes de calquera dos seguintes instrumentos en que ese Estado sexa parte:

- a) A Convención;
- b) O Protocolo facultativo da Convención relativo á venda de nenos, á prostitución infantil e á utilización de nenos na pornografía;
- c) O Protocolo facultativo da Convención relativo á participación de nenos nos conflitos armados.

2. O Comité non admitirá comunicacións que se refiran a un Estado parte que non fixese esa declaración, nin comunicacións procedentes dun Estado parte que non fixese esa declaración.

3. O Comité poñerá os seus bos oficios á disposición dos Estados partes de que se trate con miras a chegar a unha solución amigable da cuestión sobre a base do respecto ás obrigas establecidas na Convención e nos seus Protocolos facultativos.

4. Os Estados partes depositarán a declaración prevista no parágrafo 1 do presente artigo en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas, que remitirá copias dela aos demais Estados partes. A declaración poderá retirarse en calquera momento mediante notificación ao Secretario Xeral. O dito retiro farase sen prexuízo do exame de asunto ningún que sexa obxecto dunha comunicación xa transmitida en virtude do presente artigo; despois de que o Secretario Xeral reciba a notificación correspondente de retiro da declaración, non se recibirán novas comunicacións de ningún Estado parte en virtude do presente artigo, a menos que o Estado parte interesado fixese unha nova declaración.

Artigo 13

1. O Comité, se recibe información fidedigna que indique violacións graves ou sistemáticas por un Estado parte dos dereitos enunciados na Convención ou nos seus Protocolos facultativos relativos á venda de nenos, á prostitución infantil e á utilización de nenos na pornografía ou á participación de nenos nos conflitos armados, invitará ese Estado a colaborar no exame da información e, para eses efectos, a presentar sen dilación as súas observacións ao respecto.

2. O Comité, tendo en conta as observacións presentadas polo Estado parte de que se trate, así como calquera outra información fidedigna posta á súa disposición, poderá designar un ou máis dos seus membros para que realicen unha investigación e lle presenten un informe con carácter urgente. Cando se xustifique, e co consentimento do Estado parte, a investigación poderá incluír unha visita ao territorio deste.

3. A investigación terá carácter confidencial, e requirirase a colaboración do Estado parte en todas as etapas do procedemento.

4. Tras examinar as conclusións da investigación, o Comité transmitiraas sen dilación ao Estado parte de que se trate, xunto coas observacións e recomendacións do caso.
5. O Estado parte interesado presentará as súas propias observacións ao Comité o máis axiña posible, dentro dun prazo de seis meses contado a partir da data en que reciba os resultados da investigación e as observacións e recomendacións que lle transmita o Comité.
6. Ao concluíren as actuacións relacionadas cunha investigación realizada en conformidade co parágrafo 2 do presente artigo, o Comité, previa consulta co Estado parte de que se trate, poderá decidir que se inclúa un resumo dos seus resultados no informe a que se refire o artigo 16 do presente Protocolo.
7. Cada Estado parte poderá declarar, no momento de asinar ou ratificar o presente Protocolo ou de adherirse a el, que non reconece a competencia do Comité prevista no presente artigo con respecto aos dereitos enunciados nalgúns dos instrumentos enumerados no parágrafo 1, ou en todos eles.
8. O Estado parte que fixese unha declaración conforme o disposto no parágrafo 7 do presente artigo poderá retirala en calquera momento mediante notificación dirixida ao Secretario Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 14

1. Transcorrido o prazo de seis meses que se indica no artigo 13, parágrafo 5, o Comité, de ser necesario, poderá invitar o Estado parte de que se trate a que o informe das medidas que adoptase e teña previsto adoptar a raíz dunha investigación realizada en virtude do artigo 13 do presente Protocolo.
2. O Comité poderá invitar o Estado parte a presentar máis información sobre calquera das medidas que tomase a raíz dunha investigación realizada en virtude do artigo 13, incluso, se o Comité o considera procedente, nos informes que presente posteriormente en conformidade co artigo 44 da Convención, o artigo 12 do Protocolo facultativo da Convención relativo á venda de nenos, á prostitución infantil e á utilización de nenos na pornografía ou o artigo 8 do Protocolo facultativo da Convención relativo á participación de nenos nos conflitos armados, segundo o caso.

Artigo 15

1. O Comité, co consentimento do Estado parte de que se trate, poderá transmitir aos organismos especializados, fondos e programas e outros órganos competentes das Nacións Unidas os seus ditames ou recomendacións acerca das comunicacións

e investigacións en que se indique a necesidade de asistencia ou asesoramento técnico, xunto coas eventuais observacións e suxestións do Estado parte sobre eses ditames ou recomendacións.

2. O Comité tamén poderá sinalar á atención deses órganos, co consentimento do Estado parte de que se trate, toda cuestión que se formule nas comunicacións examinadas en virtude do presente Protocolo que poida axudarlles a pronunciarse, cada cal dentro da súa esfera de competencia, sobre a conveniencia de adoptar medidas internacionais para axudar aos Estados partes a facer valer de forma máis efectiva os dereitos recoñecidos na Convención e/ou nos seus Protocolos facultativos.

Artigo 16

O Comité incluírá no informe que presenta cada dous anos á Asemblea Xeral en conformidade co artigo 44, parágrafo 5, da Convención un resumo das actividades que teña realizado de acordo co presente Protocolo.

Artigo 17

Cada Estado parte comprométese a dar a coñecer amplamente e divulgar o presente Protocolo, por medios eficaces e apropiados e en formatos accesibles, tanto entre os adultos como entre os nenos, incluídos aqueles con discapacidade, así como a facilitar a consulta de información sobre os ditames e recomendacións do Comité, en particular respecto das cuestións que lle concirnan.

Artigo 18

1. O presente Protocolo estará aberto á sinatura de todos os Estados que asinasen ou ratificasen a Convención ou algún dos seus dous primeiros Protocolos facultativos, ou se adherisen a aquela ou a algún destes.

2. O presente Protocolo estará suxeito a ratificación por calquera Estado que ratifícase a Convención ou algún dos seus dous primeiros Protocolos facultativos, ou se adherise a aquela ou a algún destes. Os instrumentos de ratificación serán depositados en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

3. O presente Protocolo quedará aberto á adhesión de todos os Estados que ratifícase a Convención ou algún dos seus dous primeiros Protocolos facultativos, ou se adherisen a aquela ou a algún destes.

4. A adhesión farase efectiva mediante o depósito do instrumento correspondente en poder do Secretario Xeral.

Artigo 19

1. O presente Protocolo entrará en vigor tres meses despois da data en que se deposite o décimo instrumento de ratificación ou de adhesión.
2. Para cada Estado que ratifique o presente Protocolo ou se adhira a el despois de que se deposite o décimo instrumento de ratificación ou de adhesión, o presente Protocolo entrará en vigor tres meses despois da data en que ese Estado depositase o seu instrumento de ratificación ou de adhesión.

Artigo 20

1. A competencia do Comité só se estenderá ás violacións polos Estados partes de calquera dos dereitos enunciados na Convención e/ou nos seus dous primeiros Protocolos facultativos que ocorran con posterioridade á data de entrada en vigor do presente Protocolo.
2. Se un Estado pasa a ser parte no presente Protocolo despois da súa entrada en vigor, as súas obrigas con respecto ao Comité só se estenderán ás violacións dos dereitos enunciados na Convención e/ou nos seus dous primeiros Protocolos facultativos que ocorran con posterioridade á data de entrada en vigor do presente Protocolo para ese Estado.

Artigo 21

1. Calquera Estado parte poderá propoñer emendas ao presente Protocolo e presentalas ao Secretario Xeral das Nacións Unidas, o cal comunicará aos Estados partes as emendas propostas e pediralles que lle notifiquen se desexan que convoque unha reunión dos Estados partes para examinar as propostas e tomar unha decisión ao respecto. Se, no prazo de catro meses a partir da data da comunicación, ao menos un terzo dos Estados partes se declara en favor da reunión, o Secretario Xeral convocará baixo os auspicios das Nacións Unidas. As emendas adoptadas por unha maioría dos dous terzos dos Estados partes presentes e votantes serán sometidas polo Secretario Xeral á aprobación da Asemblea Xeral e, posteriormente, á aceptación de todos os Estados partes.
2. As emendas adoptadas e aprobadas en conformidade co parágrafo 1 do presente artigo entrarán en vigor o trixésimo día seguinte á data en que o número de instrumentos de aceptación depositados equivalla aos dous terzos do número de Estados partes á data da súa adopción. Posteriormente, a emenda entrará en vigor para calquera Estado parte o trixésimo día despois do depósito do seu propio instrumento de aceptación. As emendas só terán forza obrigatoria para os Estados partes que as aceptasen.

Artigo 22

1. Todo Estado parte poderá denunciar o presente Protocolo en calquera momento mediante notificación por escrito ao Secretario Xeral das Nacións Unidas. A denuncia entrará en vigor un ano despois da data en que o Secretario Xeral reciba a notificación.

2. A denuncia entenderase sen prexuízo de que se sigan aplicando as disposicións do presente Protocolo ás comunicacións presentadas en virtude dos artigos 5 ou 12 ou de que continúen as investigacións iniciadas en virtude do artigo 13 antes da data efectiva da denuncia.

Artigo 23

1. O Secretario Xeral das Nacións Unidas será o depositario do presente Protocolo.


2. O Secretario Xeral notificará a todos os Estados: a) As sinaturas e ratificacións do presente Protocolo e as adhesións a el; b) A data de entrada en vigor do presente Protocolo e das emendas a el que se aproben en virtude do artigo 21; c) As denuncias que se reciban en virtude do artigo 22 do presente Protocolo.

Artigo 24

1. O presente Protocolo, cuxos textos en árabe, chinés, español, francés, inglés e ruso son igualmente auténticos, será depositado nos arquivos das Nacións Unidas.

2. O Secretario Xeral das Nacións Unidas enviará copias certificadas do presente Protocolo a todos os Estados.

plataforma de
organizaci3ns
de **infancia**
galicia



A Plataforma de Organizaci3ns de Infancia de Galicia 3 unha asociaci3n que agrupa entidades sociais que traballan en todo o territorio galego en favor dos nenos, das nenas e dos adolescentes.

3 unha organizaci3n sen 3nimo de lucro, plural, democr3tica, solidaria, inclusiva, aconfesional e independente, que ten como misi3n principal a protecci3n e promoci3n dos dereitos das persoas menores de 18 anos que viven en Galicia.

Subvencionan:



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

www.infanciagalicia.org